



contigo, Galiza decide !

www.bng-galiza.org

IAGO TABARÉS TRASLADA AOS CARTEIROS RURAIS O COMPROMISO DO BNG COA SÚA PROBLEMÁTICA E INFÓRMAOS DAS INICIATIVAS PRESENTADAS NO CONGRESO E EN GALIZA NA DEFENSA DO SERVIZO

O candidato nacionalista lembra que a aposta por un medio rural vivo pasa pola defensa de servizos esenciais como o transporte e as comunicacións postais

Ourense, 11 Febreiro 08.- O candidato do BNG ao Congreso pola provincia de Ourense, Iago Tabarés, trasladou hoxe a unha representación dos carteiros rurais a preocupación desta formación política polo "proceso galopante" de privatización á que se están enfrontando e lembrou a aposta do nacionalismo galego por un medio rural vivo, "o que pasa pola defensa de servizos de carácter esencial como o transporte e as comunicacións postais".

Iago Tabarés agradeceu a boa interlocución que sempre houbo con este colectivo e recolleu parte das súas reivindicacións co compromiso de traballar para que se manteña a calidade na prestación deste servizo.

Durante o encontro, que se enmarca na serie de reunións que o candidato está a manter con diferentes sectores sociais para escoitar de primeira man as súas demandas, Tabarés e o deputado parlamentar Pablo González Mariñas informaron aos asistentes sobre a decena de iniciativas que o BNG ten presentado no Congreso e na Cámara galega sobre a súa problemática.

Tabarés lembrou que se trata de iniciativas referidas á redución do número de efectivos, á defensa dunhas condicións laborais dignas e ás xestións que realizou a Xunta para evitar a diminución na calidade do servizo, salientando o acordo unánime acadado na Cámara galega en 2005 recollendo todos estes aspectos e avanzando que o portavoz do grupo do BNG no Parlamento, Carlos Aymerich, rexistrará a pregunta ao Presidente do pleno do día 19 sobre este asunto.

Para o candidato do BNG, é fundamental para o desenvolvemento do medio rural dinamizar a súa economía, xerar riqueza e postos de traballo e neste contexto advirte que hai que facer fronte á redución de servizos tan esenciais como o do transporte e as comunicacións postais.

Neste sentido, cualificou de insostíbel o proceso de privatización ao que se enfrenta o colectivo de carteiros rurais, pois implica amortización de postos de traballo, precarización do emprego, diminución dos dereitos laborais e, agora, tamén se lle suma a eliminación do reparto aos domicilios.

